DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 98 Venres, 24 de maio de 2019 Páx. 25376

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*RESOLUCIÓN do 13 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se publica o anuncio da resolución pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) para o curso 2019/20.*

Co obxecto de estender o programa de plurilingüismo ás ensinanzas de formación profesional do sistema educativo para o curso 2019/20, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional resolve anunciar:

Primeiro. Que nas páxinas web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional www.edu.xunta.gal e www.edu.xunta.es/fp estarán dispoñibles a regulación e a convocatoria de incorporación de centros para participaren nos ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) para o curso 2019/20.

Segundo. Que o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* ata o 21 de xuño de 2019.

Terceiro. Que os centros deberán cubrir a solicitude que figura como anexo I da convocatoria e dirixila á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2019

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

CVE-DOG: botm4yy4-rmk8-mmc6-epg9-ozzncixb6tw4

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia